

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO DAS OBRAS DE “SEPARATA LOTE 2 - MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS: CAMIÑO DE CORTIÑAS DE ABAIXO, RÚA CAMIÑO DO CRUCEIRO E CAMIÑO DE O SINEIRO” PC2021 (2021015785).

CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

A. PODER ADXUDICADOR:	Administración.
Contratante:	Ilmo. Concello de Cambados.
Órgano de contratación:	Alcaldía.
Servizo xestor:	Secretaría do Concello de Cambados.
Perfil do contratante do Concello:	Na páxina www.cambados.gal localizar <i>Perfil do Contratante</i> enlazado coa Plataforma de Contratos de Galicia.
Plataforma de Contratos de Galicia:	www.contratosdegalicia.gal
Enderezo órgano contratación:	Praza do Concello, 1 (36360 CAMBADOS).
Teléfono – Fax:	986520943 - 986524866
Correo electrónico:	secretaria@cambados.es
Sede electrónica:	cambados.sedelectronica.gal
B. PROCEDIMIENTO ADXUDICACIÓN	
Número expediente Concello:	4945/2022
Número expediente Deputación Pontevedra:	2021015785
Tipo de contrato:	Obras.
Tipo de procedemento:	Aberto simplificado abreviado.
Tramitación:	Ordinaria.
Forma presentación de ofertas:	Electrónica. Empregarase o Sistema de Licitación (SILEX) da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia. https://silex.conselleriadefacenda.es/SLE_Internet/
Acceso ao programa SILEX de licitación electrónica:	A información de acceso ao programa atópase recollida na Cláusula 9.2.
Documentación a presentar:	SOBRE ÚNICO (arquivo electrónico) contendo a documentación seguinte: 1.- Anexo I (Declaración Responsable) 2.- Anexo II (Oferta económica e melloras)
Prazo de presentación de ofertas no Sistema de Licitación Electrónica da Xunta (SILEX):	O prazo de presentación de ofertas no SILEX será de 10 días hábiles , a contar dende o seguinte ao da inserción do anuncio de licitación na Plataforma de Contratos de Galicia, na forma que se indica na Cláusula 3ª e 9ª. Hora límite: 14.00.
Cabe recurso especial:	Non
Contrato suxeito a regulación harmonizada:	Non
C. DEFINICIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO	
Obxecto do contrato:	SEPARATA LOTE 2 - MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS: CAMIÑO DE CORTIÑAS DE ABAIXO, RÚA CAMIÑO DO CRUCEIRO E CAMIÑO DE O SINEIRO PC2021
División en lotes do obxecto do contrato:	Non.
Códigos identificación das prestacións	45233222-1 Traballos de pavimentación e asfaltado



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO DAS OBRAS DE “SEPARATA LOTE 2 - MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS: CAMIÑO DE CORTIÑAS DE ABAIXO, RÚA CAMIÑO DO CRUCEIRO E CAMIÑO DE O SINEIRO” PC2021 (2021015785).

obxecto do contrato:		
Procedemento de selección e adxudicación:	A forma de adxudicación do contrato será o procedemento aberto simplificado abreviado , no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.	
Criterios de selección:	Cláusula décima. Pluralidade de criterios: prezo, redución do prazo de execución e melloras.	
Condicións especiais de execución:	As recollidas na Cláusula 17 do prego.	
D. PREZO ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN		
Prezo estimado	IVE	Orzamento base licitación
57.104,11	11.991,86	69.095,97
Melloras:	Definidas na Cláusula 10 do Prego.	
E. RÉXIME DE FINANCIAMENTO:		
Aplicación orzamentaria:	1532.61907	
Aportación Deputación Pontevedra:	Cargo á axuda de 161.775,21 € do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2021), dos que 69.095,97 € se corresponden co Lote 2.	
Aportación do Concello:	0,00 €	
H. PRAZO DE EXECUCIÓN:	1 MES	
I. PRÓRROGA:	Non	
J. GARANTÍA:	Non se esixe.	
I. DATOS DE FACTURACIÓN:	<p>O código DIR do Concello de Cambados é L01360062 Os códigos DIR3 de este Concello, de acordo coa súa estrutura organizativa son: Oficina contable: L01360062-OC Órgano xestor: L01360062-OG Unidade tramitadora: L01360062-UT</p>	

CLÁUSULA PRIMEIRA. OBXECTO E CUALIFICACIÓN

1.1 Descrición do obxecto do contrato. Necesidade e xustificación.

O contrato terá por obxecto a execución das obras de “**MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS: Camiño de Cortiñas de Abaixo (Corvillón), Rúa Camiño do Cruceiro e Camiño de O Sineiro**”, incluídas no Plan Concellos 2021 da Excm. Deputación de Pontevedra, contempladas na Separata Lote 2 do proxecto redactada polos enxeñeiros, D. Gabino Grande Toro e D. Francisco Javier Carballo Núñez, e aprobado por Resolución da Alcaldía do 23/02/2023.

A **descrición detallada** dos traballos a realizar figura na memoria da separata do proxecto e consta no expediente de contratación nº 4945/2022 a xustificación da súa necesidade na Memoria, emitida polo órgano de contratación.

1.2 Cualificación.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de obras, de acordo co artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO DAS OBRAS DE “SEPARATA LOTE 2 - MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS: CAMIÑO DE CORTIÑAS DE ABAIXO, RÚA CAMIÑO DO CRUCEIRO E CAMIÑO DE O SINEIRO” PC2021 (2021015785).

xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

1.3 Non división en lotes do obxecto do contrato.

No expediente de contratación n.º 1824/2022, consta o anexo de división en lotes da licitación inicial, así mesmo visto que a actual actuación proxectada xa conformaba un lote separado, no expediente de contratación n.º 4945/2022 non resulta precisa a división en lotes do obxecto do contrato, en base ao disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

1.4 Códigos de identificación das prestacións obxecto do contrato.

O obxecto do contrato identifícase cos códigos seguintes:

Código CPV	Descrición
45233222-1	Traballos de pavimentación e asfaltado

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de Selección e Adxudicación

A forma de adxudicación do contrato será o **procedemento aberto simplificado abreviado**, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

A adxudicación do contrato realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo, de conformidade co que se establece na **cláusula décima**.

CLÁUSULA TERCEIRA. Perfil do contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual deste Concello e, sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, a información e documentación da presente contratación poderá obterse dos modos seguintes:

- 1.- Na páxina web www.cambados.gal apartado Perfil do Contratante terán acceso directo á *Plataforma de Contratos Públicos de Galicia*; ou ben,
- 2.- Acceder á Plataforma de Contratos Públicos de Galicia a través da dirección www.contratosdegalicia.gal/ seleccionando *Órgano de Contratación* e no desplegable localizar a este Concello de Cambados.

CLÁUSULA CUARTA. Valor estimado do contrato. Orzamento base de licitación e prezo do contrato

4.1 Valor estimado do contrato.

Ao abeiro do artigo 101 da LCSP o valor estimado do contrato é o seguinte:

Execución material		47.986,65
13% Gastos xerais	6.238,26	9.117,46
6% Beneficio industrial	2.879,20	



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO DAS OBRAS DE “SEPARATA LOTE 2 - MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS: CAMIÑO DE CORTIÑAS DE ABAIXO, RÚA CAMIÑO DO CRUCEIRO E CAMIÑO DE O SINEIRO” PC2021 (2021015785).

Valor estimado	57.104,11
----------------	-----------

4.2 Orzamento base de licitación.

Ao abeiro do disposto polo artigo 100 da LCSP o orzamento base de licitación é o seguinte:

Valor estimado	57.104,11
21% IVE	11.991,86
Orzamento base licitación	69.095,97

Este importe elaborouse de conformidade co disposto nos artigo 100 e 241 LCSP.

4.3 Prezo do contrato

O citado importe de **sesenta e nove mil noventa e cinco euros con noventa e sete céntimos (69.095,97 €)**, representa o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o IVE.

O prezo do contrato quedará fixado segundo a oferta presentada polo futuro adxudicatario.

CLÁUSULA QUINTA. Existencia de crédito e financiamento

Para o financiamento das obrigas derivadas do presente contrato existe consignación suficiente no Orzamento Municipal, tal e como se acredita na certificación emitida pola Intervención Municipal, en cumprimento do esixido polo art. 116.3 da LCSP.

Co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 116.5 da LCSP, está acreditado no expediente de subvención nº 16/2021 a dispoñibilidade do financiamento externo para o presente investimento, constando a notificación da resolución de concesión de subvención pola Excm. Deputación de Pontevedra, ao abeiro do “Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2021), *publicado no BOPO, nº 1, do 04/01/2021*, para levar a cabo as citadas obras, aceptándose a mesma por Decreto desta Alcaldía nº 2021-0785, de data 09/06/2021.

Consta así mesmo no expediente, certificación da Intervención Municipal de existencia de saldo dispoñible na aplicación orzamentaria 1532.61907, retención de crédito nº operación: 2023/EP/000851, por un importe de 161.775,21 €, dos que 69.095,97 € se corresponden co Lote 2.

CLÁUSULA SEXTA. Revisión de prezos

Non cabe a revisión de prezos.

CLÁUSULA SÉTIMA. Prazo de execución e comprobación do replanteo.

O prazo de execución do contrato será de **1 MES**.

O inicio do prazo de execución do contrato comezará coa acta de comprobación do replanteo.

Dentro dos 15 días seguintes ao da formalización do contrato de obra, o servizo da Administración encargada da obra procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do replanteo.



CLÁUSULA OITAVA. Acreditación da aptitude para Contratar

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursoas en prohibicións de contratar e dispoñan da habilitación empresarial ou profesional necesaria para a execución da prestación que constitúe o obxecto do contrato.

De conformidade co artigo 159.4 a) e 6 LCSP, todos os licitadores que se presenten a licitacións realizadas a través do procedemento simplificado sumario deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, na data final de presentación de ofertas sempre que non se vexa limitada a concorrancia.

A capacidade de obrar dos licitadores e a non concorrancia de prohibicións de contratar acreditarase mediante a súa inscrición no **Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia.**

A inscrición no **Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia** acreditará, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira, e clasificación, así como a concorrancia ou non das prohibicións de contratar que deban constar no mesmo. A proba do contido dos Rexistros Oficiais citados efectuarase mediante certificación do órgano encargado de cada un deles, que poderá expedirse por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

CLÁUSULA NOVENA. Presentación de Proposicións e Documentación Administrativa

9.1 Condicións previas.

As proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen excepción ou reserva algunha.

Cada entidade licitadora non poderá presentar máis dunha proposición, nin subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figura en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de tódalas propostas por el subscritas.

Na oferta económica entenderanse incluídos para todos os efectos os demais tributos, taxas e canons de calquera índole que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario, como consecuencia do cumprimento das obrigacións contempladas no presente prego.

Só poderá presentar unha oferta económica, non sendo admitidas as proposicións económicas por importe superior ao orzamento previamente aprobado para a contratación.

No caso de discordancia entre a cantidade consignada en cifras e a consignada en letra, prevalecerá esta última.

Non se aceptarán, e por tanto serán excluídas, as proposicións que:

-Teñan contradicións, omisións, erros ou riscadas que impidan coñecer claramente o que a Administración estime fundamental para considerar a oferta.



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO DAS OBRAS DE “SEPARATA LOTE 2 - MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS: CAMIÑO DE CORTIÑAS DE ABAIXO, RÚA CAMIÑO DO CRUCEIRO E CAMIÑO DE O SINEIRO” PC2021 (2021015785).

- Aquelas que carezan de concordancia coa documentación examinada e admitida.
- Excedan do tipo máximo de licitación.
- Comporten erro manifesto no importe da proposición.
- As que varíen o modelo de proposición establecido neste prego.

O licitador comprométese a manter a súa oferta por un prazo mínimo dun mes a contar desde a apertura.

9.2 Lugar e prazo de presentación de ofertas.

As ofertas presentaranse exclusivamente por medios electrónicos a traveso do Sistema de Licitación Electrónica (SILEX) da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, accesible dende o enderezo electrónico: https://silex.conselleriadefacenda.es/SLE_Internet/ no prazo de **10 días hábiles contados** a partires do seguinte ao da inserción do anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Cambados (enlazado coa Plataforma de Contratos Públicos de Galicia). **Hora límite: 14.00.**

As ofertas para participar no procedemento presentaranse **nun único sobre (arquivo electrónico)**, debidamente asinado polo licitador ou persoa que o represente, e no que se incluírán:

► Declaración responsable do licitador indicando que cumpre coas condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración segundo o modelo normalizado que se recolle no **Anexo I**.

► Oferta económica e as melloras para a súa valoración, en base aos criterios recollidos na Cláusula Décima, axustándose ao modelo incluído como **Anexo II** do presente Prego.

A oferta avaliarase automaticamente mediante dispositivos informáticos en colaboración cunha unidade técnica que auxiliará ao órgano de contratación.

CLÁUSULA DÉCIMA. Criterios de adjudicación

Para a valoración da oferta atenderase a unha pluralidade de criterios de adjudicación en base a mellor calidade-prezo:

- | |
|-----------------------------------|
| ► Prezo. |
| ► Redución do prazo de execución. |
| ► Melloras. |

PREZO

Con respecto á mellor contía da baixa ofertada, aplicarase un valor de **1 PUNTO** á mellor das ofertas presentadas, obténdose as demais por comparación proporcional coa mellor polo procedemento de regra de tres.

REDUCCIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN

Con respecto á redución do prazo de execución do contrato, establecido en 1 mes (30 días naturais) con presentación dun diagrama de Gantt e un gráfico de Pert, aplicarase un valor de **1 PUNTO** respectivamente, á mellor das ofertas presentadas, obténdose as demais por comparación proporcional coa mellor, polo procedemento de regra de tres.

No caso de non aportarse o diagrama de Gantt e o gráfico de Pert non se valorará este criterio.



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO DAS OBRAS DE “SEPARATA LOTE 2 - MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS: CAMIÑO DE CORTIÑAS DE ABAIXO, RÚA CAMIÑO DO CRUCEIRO E CAMIÑO DE O SINEIRO” PC2021 (2021015785).

MELLORAS

Ás ofertas relativas á **mellora 1** aplicaráselles un valor total de **5 PUNTOS** e as relativas á **mellora 2** aplicaráselles un valor total de **3 PUNTOS**. Valoraranse individualmente de conformidade co total de puntos indicados no cadro adxunto e a puntuación final obterase pola suma das melloras ofertadas por cada licitador.

MELLORA 1:			
Obras complementarias para soterrar liña de telefónica e alumado público, na actuación Rúa Camiño do Cruceiro.			
Descrición mellora a executar (Rúa Camiño do Cruceiro):	Uds.	Prezo unitario	Total
- Demolición e retirada de postes	1,00 ud	500,00 €	500,00 €
- Demolición de pavimento, escavación de gabia de 40x40 cm., colocación de tubos (2 ud. tubos PVC corrugado de 63 mm. de diámetro) e formigonado de gabia con formigón H-200	30,00 m.l.	22,00 €	660,00 €
- Demolición de pavimento, escavación de gabia de 40x40 cm., colocación de tubos (4 ud. tubos PVC corrugado de 63 mm. de diámetro) e formigonado de gabia con formigón H-200.	35,00 m.l.	25,00 €	875,00 €
- Arqueta para rexistro tipo D.M. de telefónica, de dimensións exteriores 80x120x123 , cun espesor das paredes de 0,15 cm. de formigón armado, soleira de formigón 15 cm de grosor, encofrado de madeira. Con tapa de formigón armado e cerco de aceiro D-400 con logo grafiado. Incluso escavación, conexión e recheo. Executado segundo Normas da Compañía subministradora de enerxía.	1,00 ud	990,00 €	990,00 €
- Arqueta tipo M enterrada, de dimensións interiores 40x40x50 cm, prefabricada de formigón armado sobre soleira de formigón en masa HM-20/P/40/I de 15 cm de espesor, con marco e tapa de fundición D.-250. Incluso escavación manual e recheo do trasdós con material granular, conexións de conducións e remates. Totalmente montada, conexiónada e probada.	1,00 ud	190,00 €	190,00 €
- Demolición, escavación de zanja de 30x30 cm., Colocación de tubos de 32 mm. e outro de 63 mm. e formigonado de gabia	2,00 m.l.	22,00 €	44,00 €
TOTAL MELLORA 1			3.259,00 €
PUNTUACIÓN			5 PUNTOS

MELLORA 2:			
Extracción de 8 probetas testigo para control de espesor do pavimento e emisión de informe final cos resultados.			
Descrición mellora a executar:	Uds.	Prezo unitario	Total
- Extracción probeta-testigo mestura bituminosa con diámetro 100 mm e determinación de espesor e densidade, e informe final			
CAMIÑO DE CORTIÑAS DE ABAIXO (CORVILLÓN)	4 ud	80,00 €	320,00 €
RÚA CAMIÑO DO CRUCEIRO	4 ud.	80,00 €	320,00 €
TOTAL MELLORA 2			640,00 €
PUNTUACIÓN			3 PUNTOS



CLÁUSULA UNDÉCIMA. Admisibilidade de variantes

Non se admiten variantes.

CLÁUSULA DUODÉCIMA. Ofertas anormalmente baixas

Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal, deberá darse audiencia nun prazo de **cinco días hábiles** ao licitador que a presentase para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire aos seguintes valores:

- O aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción.
- As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.
- A innovación e orixinalidade das solucións propostas, para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.
- O respecto de obrigacións que resulten aplicables en materia ambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por baixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 da LCSP.
- Ou a posible obtención dunha axuda de Estado.

No procedemento deberá solicitarse o asesoramento técnico do servizo correspondente.

Consideraranse, en principio, desproporcionadas ou temerarias as ofertas que se atopen nos seguintes supostos:

Prezo

- Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.
- Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.
- Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, excluírase para o cómputo de dita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais a dita media. En calquera caso, considerárase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.
- Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

Prazo de Execución.

Cando a oferta sexa igual ou inferior en máis de 1/3 á media dos prazos ofertados polos restantes concorrentes.

Nº	Empresa	Prazo en días (30 días = 1 mes)	EXEMPLO de como se calculará a baixa anormal ou desproporcionada do prazo ofertado
1	A	90,00	Prazo execución en días da empresa A



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO DAS OBRAS DE “SEPARATA LOTE 2 - MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS: CAMIÑO DE CORTIÑAS DE ABAIXO, RÚA CAMIÑO DO CRUCEIRO E CAMIÑO DE O SINEIRO” PC2021 (2021015785).

2	B	84,00	Prazo execución en días da empresa B
3	C	42,00	Prazo execución en días da empresa C
4	D	60,00	Prazo execución en días da empresa D
	Media	69,00	Media dos prazos ofertados = $(90+84+42+60)/4 = 69$ días
	1/3 da media	23,00	$69/3 = 23$ días. Prazo que si se iguala ou se reduce por calquera das ofertas presentadas considerarase como anormal ou desproporcionado. Neste caso ningunha das ofertas se atopan por debaixo desa media, polo tanto admitiranse as 4.

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Preferencias de adjudicación en caso de empates

En caso de empate terán preferencia os licitadores con maior puntuación no apartado de melloras e, de persistir, o contrato adjudicarase á oferta cunha maior baixa económica.

En caso de persistir terán preferencia as empresas que teñan na súa plantilla unha porcentaxe de traballadores con discapacidade superior ao que lles impoña a normativa

En caso de manterse, o empate resolverase mediante sorteo público.

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Apertura de proposicións

A apertura e valoración das proposicións presentadas realizarase en acto público por unha unidade técnica integrada polo presidente, secretario, interventora, técnico municipal e un funcionario municipal.

Se algún dos membros non pode asistir designarase suplente que o substitúa.

Os designados para formar parte nesta unidade técnica están suxeitos ao réxime de abstención e recusación previsto nos artigos 23 e 24 da lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Abertas as ofertas, a súa valoración efectuarase pola unidade técnica de acordo coas fórmulas establecidas na cláusula décima deste prego, xerándose a proposta de adjudicación a favor do licitador que obteña a mellor puntuación. Deste acto estenderase a correspondente dilixencia que será publicada no perfil do contratante.

Realizada a proposta de adjudicación, a unidade técnica procederá, no mesmo acto, a comprobar no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que a empresa está debidamente constituída, que o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, e non está incurso en ningunha prohibición para contratar.

A non inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público dará lugar á exclusión do procedemento de licitación.

Ademais, no prazo de **cinco días hábiles** o licitador proposto como adjudicatario, deberá presentar calquera outra documentación que non figure inscrita no Rexistro de Licitadores.

De acordo co disposto no artigo 139.1 LCSP, a presentación das proposicións supón a autorización á mesa e ao órgano de contratación para consultar os datos recollidos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou nas listas oficiais de operadores económicos nun Estado membro da Unión Europea.



CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Adxudicación do contrato

A adxudicación deberá recaer no prazo máximo de **quince días** a contar dende o día seguinte ao da apertura das proposicións.

Deberá ser motivada e notificarase a tódolos candidatos ou licitadores, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de **quince días**.

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Formalización do contrato

O contrato perfeccionarase coa súa formalización.

Non obstante a tenor do disposto no artigo 159.6 g) a formalización do contrato efectuarase mediante a sinatura de aceptación polo contratista da resolución de adxudicación.

En calquera caso, a formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos **quince días hábiles** seguintes a aquel en que se realice a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos, na forma prevista no artigo 151 da LCSP.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalice o contrato dentro do prazo indicado, esixiráselle o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

CLÁUSULA DECIMO SÉTIMA. Condicións especiais de execución do contrato

Os órganos de contratación poderán establecer condicións especiais en relación coa execución do contrato, sempre que estean vinculadas ao seu obxecto, no sentido do artigo 145 LCSP, non sexan directa ou indirectamente discriminatorias e sexan compatibles co dereito comunitario.

As condicións especiais de execución para este contrato son as que a continuación se detallan:

Medidas para previr a sinistralidade laboral: **Medidas axeitadas de sinalización no curso da execución das obras para previr percances co tráfico rodado e tránsito de peatóns.**

O cumprimento destas condicións especiais de execución configúrase como unha obriga contractual esencial, e configúrase como causa de resolución do contrato ao abeiro do artigo 211.1 f) da LCSP.

Todas as condicións especiais de execución que formen parte do contrato serán esixidas igualmente a todos os subcontratistas que participen na execución do mesmo.

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Dereitos e obrigas das partes

18.1 Abonos ao contratista

A efectos do pago a Administración expedirá mensualmente, nos primeiros dez días seguintes ao mes ao que correspondan, certificacións que comprendan a obra executada conforme ao proxecto durante devandito período de tempo, que terán o concepto de pagos a conta suxeitos ás rectificacións e



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO DAS OBRAS DE “SEPARATA LOTE 2 - MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS: CAMIÑO DE CORTIÑAS DE ABAIXO, RÚA CAMIÑO DO CRUCEIRO E CAMIÑO DE O SINEIRO” PC2021 (2021015785).

variacións que se produzan na medición final. Estas certificacións mensuais en ningún caso suporán a aprobación e recepción das obras.

Na factura incluíranse, ademais dos datos e requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento no que se regulan as obrigacións de facturación, os seguintes extremos previstos no apartado segundo da Disposición Adicional Trixésimo segunda da L.C.S.P., así como na normativa sobre facturación electrónica:

O código DIR do Concello de Cambados é **L01360062**

Os códigos DIR3 de este Concello, de acordo coa súa estrutura organizativa son:

Oficina contable: **L01360062-OC**

Órgano xestor: **L01360062-OG**

Unidade tramitadora: **L01360062-UT**

O contratista, unha vez expedida a certificación mensual de obra, deberá presentar a factura nun rexistro administrativo. A factura deberá presentarse en formato electrónico nos supostos que fixa a Lei 25/2013, de 27 de decembro, de Impulso á Factura Electrónica e Creación do Rexistro Contable de Facturas do Sector Público, nestes casos a presentación da factura no Punto Xeral de Acceso equivale á presentación nun rexistro administrativo.

De acordo co establecido no artigo 198 da L.C.S.P., a Administración terá obrigación de abonar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, sen prexuízo do establecido no apartado 4 do artigo 210, e se se demorase, deberá abonar ao contratista, a partir do cumprimento de devandito prazo de trinta días os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Para que haxa lugar ao comezo do cómputo de prazo para o devengo de intereses, o contratista deberá cumprir a obrigación de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente nos termos establecidos na normativa vixente sobre factura electrónica, en tempo e forma, no prazo de trinta días desde a data de entrega efectiva das mercadorías ou a prestación do servizo.

18.2. Plan de Seguridade e Saúde

En cumprimento do establecido no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción o contratista deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde/Avaliación de Riscos co contido indicado no citado Real Decreto e baseado no estudo de seguridade ou saúde ou no estudo básico de seguridade e saúde que acompaña ao proxecto.

Este Plan de Seguridade/documento de Avaliación de Riscos deberá ser aprobado polo órgano de contratación, previo informe do servizos técnicos, antes do inicio da obra.

A empresa adxudataria deberá aperturar o centro de traballo ante o organismo correspondente da Xunta de Galicia e acreditarlo ante o órgano de contratación.

18.3. Obrigas laborais, sociais, de publicidade, e transparencia

O contratista está obrigado ao cumprimento da normativa vixente en materia laboral e de seguridade social. Así mesmo, está obrigado ao cumprimento do Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO DAS OBRAS DE “SEPARATA LOTE 2 - MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CAMBADOS: CAMIÑO DE CORTIÑAS DE ABAIXO, RÚA CAMIÑO DO CRUCEIRO E CAMIÑO DE O SINEIRO” PC2021 (2021015785).

discapacidade e da súa inclusión social, da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, da Lei 31/1995, de 8 de novembro, sobre Prevención de Riscos Laborais, e do Regulamento dos Servizos de Prevención, aprobado por Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, así como das normas que se promulguen durante a execución do contrato.

